

Martes, 21 de decembro de 2021

Núm. 245

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANXENXO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

ANUNCIO

Aos efectos de cumprimentar o disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local se publica íntegro o texto da “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA” unha vez aprobada definitivamente por non terse presentado ningunha reclamación á aprobación inicial.

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

PRIMEIRO: aprobar a modificación da “ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA”, que a continuación se transcribe:

“MODIFICACION PRIMEIRA:

“Artigo 28. Procedemento sancionador e proporcionalidade.

1. O Concello exercerá a potestade sancionadora no ámbito da presente Ordenanza, sendo o alcalde o competente para iniciar e resolver os expedientes sancionadores derivados da infracción do disposto nela. Ante calquera denuncia por infracción do disposto na Ordenanza incoarase o correspondente procedemento administrativo de comprobación, se fose o caso, nun prazo non superior a 48 horas. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento sancionador será de seis meses.

2. A imposición das sancións deberá gardar a debida proporcionalidade coa gravidade do feito ou omisión constitutiva da infracción e terán que considerarse especialmente as seguintes circunstancias para graduar a sanción que se aplique:

- a) As circunstancias do responsable.
- b) A importancia do dano ou deterioro causado.
- c) O grao de intencionalidade ou negligencia ou a reiteración.
- c) A reincidencia e grao de participación.



Martes, 21 de decembro de 2021

Núm. 245

e) O período horario en que se comete a infracción.

f) A comisión das infraccións en zonas de protección acústica especial.

3. O procedemento para a sanción das infraccións sinaladas na presente ordenanza aplicárase de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta que o prazo máximo para resolver e notificar os expedientes sancionadores incoados conforme a presente ordenanza será de seis meses.”

MODIFICACION SEGUNDA:

Artigo 21. Actividades, recintos e establecementos de ocio, públicos ou de similar concorrencia e funcionalidade.

7. “Todas as actividades que dispoñan de animación musical, mediante dispositivos de amplificación sonora, deberán dispoñer ademais dun sonógrafo-rexistrador e un limitador de son segundo as características do Anexo I.B.7.

Excepcionalmente, para o caso das autorizacións reguladas no artigo 17 desta ordenanza, poderán ter equipos de música ou outros reprodutores sonoros, sen ter que dispoñer de sonógrafo-rexistrador e limitador. Non obstante, o Concello na autorización poderá establecer unhas limitacións dos niveis de emisión sonora.”

Sanxenxo,

O alcalde,

Telmo Martín González

(documento asinado electronicamente)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: JUEL6TETJ7079TB

